

Concello de Foz

BANDO MUNICIPAL

D. FRANCISCO CAJOTO CASERÍO, ALCALDE DO EXCMO CONCELLO DE FOZ

FAI SABER Á VECIÑANZA QUE:

Debido á rapidez na evolución da situación de emerxencia de saúde pública ocasionada polo COVID-19, a escala nacional e internacional, o Goberno, ao amparo do disposto no artigo 4, apartados b) e d), da Lei Orgánica 4/1981, do 1 de xuño, dos Estados de Alarma, Excepción e Sitio, declarou, mediante o Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, o estado de alarma en todo o territorio nacional co fin de afrontar a crise sanitaria, o cal foi prorrogado en catro ocasións, a última con ocasión do Real Decreto 514/2020, do 8 de maio, ata as 00:00 horas do día 24 de maio de 2020, nos termos expresados na devandita norma.

No momento actual, iniciouse un proceso de redución gradual das medidas extraordinarias de restrición da mobilidade e do contacto social establecidas mediante o citado Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo. Así, o pasado 28 de abril de 2020 o Consello de Ministros adoptou o Plan para a transición cara a unha nova normalidade que establece os principais parámetros e instrumentos para a consecución da normalidade, mediante proceso articulado en catro fases, fase 0 a fase 3, que será gradual e adaptable aos cambios de orientación necesarios en función da evolución dos datos epidemiolóxicos e do impacto das medidas adoptadas.

En aplicación do anteriormente exposto, foi aprobada e publicada no BOE de data 09 de maio de 2020, a Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade aplicable no ámbito territorial da provincia de Lugo, mediante a que se adoptan determinadas medidas de flexibilización das restricións impostas coa declaración do estado de alarma.

No contexto xurídico exposto **infórmase á veciñanza que:**

1º.- Retómase a atención presencial polo concello de Foz, sempre e en todo caso con cita previa, sendo de obrigado cumprimento o distanciamento social de dous (2) metros, así como, o uso de máscaras para todas as persoas que acudan ás distintas instalacións do Concello.

Mantense a posibilidade de relacionarse con esta administración por medios electrónicos a través da súa sede electrónica, advertindo da obrigatoriedade de empregar dito medio por quen estea obrigado legalmente (artigo 14 Lei 39/2015).

Os datos de contacto son:

Oficinas xerais: 982.140.027
Servizos Sociais: 982.133.566
Medio Ambiente: 982.133.159
RadioFoz: 982.141.777





Concello de Foz

Rexistro por sede electrónica: <https://concellodefoz.sedelectronica.es>

2º.- Pese a que se manteñen vixentes as suspensións do termos e interrupcións dos prazos prevista na Disposición Adicional Terceira do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, ínstase aos interesados/as con solicitude pendentes de resolución, ou ben, que formulen novas peticións ante esta administración e que así o desexen, a que presenten por escrito ante calquera dos rexistros (central ou electrónico) do concello de Foz, manifestación expresa de conformidade coa non suspensión dos prazos co fin de que dende esta administración se poda continuar a tramitación das súas peticións sen verse afectada pola citada suspensión e interrupción.

3º.- Permítese a circulación de vehículos particulares polas vías de uso público municipal, nas condicións impostas polo artigo 7 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, así como, para quen en aplicación do artigo 7 da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, que habilita a circulación pola provincia, debendo respectarse as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención do COVID-19, e, en particular, as relativas ao mantemento dunha distancia mínima de seguridade de, polo menos, dous metros, ou, na súa falta, medidas alternativas de protección física, de hixiene de mans e etiqueta respiratoria.

4º.- Reanúdase a celebración do mercado semanal dos martes do concello de Foz, exclusivamente para produtos alimentarios e sempre segundo ás disposicións da Orde SND/399/2020 do 9 de maio e o resto da normativa aplicable.

Prohíbese completamente a manipulación dos alimentos polos compradores e atenderase a todas aquelas disposicións que o Concello de Foz estableza.

Disporase unha caseta no entrada do mercado con xel e máscaras a disposición dos/as compradores/as.

5º.- En aplicación do establecido no artigo 41 da Orde SND/399/2020, do 9 de maio, para a flexibilización de determinadas restricións de ámbito nacional, establecidas tras a declaración do estado de alarma en aplicación da fase 1 do Plan para a transición cara a unha nova normalidade, levase a cabo a oportuna reapertura das pistas de tenis de Marzán coas limitacións impostas na mesma Orde, entre as que procede destacar que se permite unicamente a práctica deportiva individual ou aquelas prácticas que se poidan desenvolver por un máximo de dúas persoas, sempre sen contacto físico e mantendo as debidas medidas de seguridade e protección, e en todo caso a distancia social de seguridade de dous metros.

6º.- Procederase ao desprecintado de tódalas fontes públicas do concello de Foz, logo de ser aprobada e publicada a Orde SND/380/2020, do 30 de abril, sobre as condicións nas que se pode realizar actividade física non profesional ao aire libre durante a situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, mediante a que se autoriza a realización de prácticas deportivas non profesionais e paseos en determinadas condicións e determinados horarios.



Concello de Foz

A medidas expostas no presente bando serán complementarias das dispostas no Bando de Alcaldía de 14 de abril de 2020, agás no que se opoñan ao mesmo e manteranse vixentes durante toda a duración do estado de alarma, e especialmente, durante a vixencia dos artigos nos que se fundamentan do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo, polo que se declara o estado de alarma para a xestión da situación de crise sanitaria ocasionada polo COVID-19, agás modificación normativa posterior que faga inaplicable o seu contido.

Recordar á veciñanza que o teléfono de atención sanitario para todo o relacionado co coronavirus é o 900.400.116.

Para rematar, dende o Concello de Foz apelamos á conciencia social e queremos pedir aos non residentes e posibles visitantes que neste novo contexto social, manteñan as medidas de seguridade e hixiene establecidas polas autoridades sanitarias para a prevención e loita contra o COVID-19, xa que mediante o esforzo individual obterse como resultado o ben e a saúde de todas e todos.

O que se fai público para o seu xeral coñecemento e cumprimento en Foz o día 11 de maio de 2020.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

